



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE ORDES PARA RENOVACIÓN DA INSTALACIÓN DE ALUMEADO DA MOSTRA DO TRAXE JUANJO LIÑARES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ordes o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ordes para realizar as obras de mellora e iluminación do Museo do Traxe.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. Trátase dunha infraestrutura cultural que permite o acceso real á cultura a todas as persoas, con independencia de onde vivan.

A comarca de Ordes está formada polos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo e por aproximadamente 35.000 habitantes, sendo a súa capital Ordes, o municipio de maior poboación con 12.772 habitantes (INE 2024), e onde se atopan a maioría dos servizos públicos e privados.

Por este motivo as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) propoñen Ordes como Nodo para o Equilibrio do Territorio.

A mostra do traxe "Juanjo Liñares" de Ordes é sen ningunha dúbida a exposición máis representativa da comarca. Son moitos os peregrinos que se desvían do camiño para poder visitala, así como as excursións que aproveitan que Ordes se atopa a medio camiño entre A Coruña e Santiago para facer unha parada e coñecer de preto esta interesante mostra de traxes tradicionais de todo o mundo.

Coas obras de renovación da instalación de alumeado da mostra do traxe preténdese a mellorar na calidade da instalación dunha mostra tan senlleira, así como ofrecer aos veciños e visitantes non só a posibilidade de visitala, e tamén mellora na calidade do



uso do salón de actos, no que habitualmente se levan a cabo presentacións literarias, exposicións, reunións ou conferencias.

Por todo o anterior, o concello de Ordes é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

